



REUNION

DIRECCIÓN-COMITÉ 25/09/2009

Na reunión de hoxe foron tratados os seguintes temas:

Producción Outubro.

Mantense o previsto para este período, con unhas cadencias de 53 veh/h. no Sistema 2 e de 45 veh/h. no Sistema 1. No que respecta a reorganización da quenda de noite no Sistema 2, estes traballadores/as terán os seguintes horarios:

.- De 22 h. a 24 h. no Sistema 2; neste horario e con carácter voluntario, tamén se incorporarían algúns traballadores/as da quenda de tarde, as 22"15, (estes 15 minutos corresponden o bocadillo).

.- De 24 h. en diante, os traballadores/as da quenda de noite voltarían os seus postos do Sistema 1, realizando así unha xornada media de 7"01 h.

.- Sobre o alongamento da xornada na quenda de tarde do Sistema 2, a C.I.G. pregunta si esta contemplado o tempo de descanso por necesidades fisiolóxicas, respostan que esta programado un descanso de 23h a 23"05 h. A C.I.G., tamén lembra a Dirección, que o Taller, de non chegarse a consumir ningún tempo atribuíble o sistema Andón, ese tempo que corresponde os traballadores/as deberá ser disfrutado, neste caso, antes das 24 h.

Pero, sobre este tema a Dirección presenta unha novidade para o mes de Novembro o pretender que os traballadores/as da noite cambien a hora de entrada para as 22"15. Sobre este cambio horario, a C.I.G., e clara, si ben na conxuntura actual podemos compartir a polivalencia da quenda de noite para traballar nas lúas tiñas, non podemos aceptar que se lles sume, o obrígalos a un retraso no inicio da súa xornada laboral. Todo elo con independencia de poder estar ante un cambio substancial das condicións de traballo regulados no E.T.

A C.I.G. ante esta recuperación produtiva, pregunta si o acadar as 380.000 unidades, se retomaría a **Xubilación Parcial**. Respostan que si, sempre que esta cifra se mantivese estable no tempo. Por último e de manterse este escenario produtivo, a C.I.G. co fin de **crear emprego**, invita a Dirección a ir madurando a posibilidade de reactivar a quenda de noite no Sistema 2

Varios

A C.I.G. formulas as seguintes preguntas:

Baixas.- a respecto dos traballadores/as que xa causan baixa na fábrica no primeiro expediente do ERE (Xullo), temos casos os cales aínda non se lles remitiu ningún certificado sobre as Retencións aplicadas. Respostan que teñen a disposición de quen o solicite calquera información o respecto.

Revisións Médicas.- Un estudo feito polo noso Delegado de Prevención revélanos que hai un retraso sen precedentes, nas revisións médicas, casos con espera de máis de 3 anos, son frecuentes, unha responsabilidade que para nós, descansa no Departamento de Persoal, por elo, e tendo en conta a importancia que no papel preventivo na saúde dos traballadores/as, pedímoslle a Dirección que corrixa esta situación.

Retraso.- A C.I.G., ante o retraso, alleo os traballadores/as, que tivo o Bus da tiña 2, o posado día 22, pedimos que dita ausencia sexa remunerada. Respostan afirmativamente.

Confederación Intersindical Galega

www.cigcitroen.com